



**Ana Álvarez Becerra**, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Solicitud ante a Xunta de Goberno local, en relación co transporte público.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O parque móbil de vehículos de turismo no concello de Ribeira é cada vez maior. Isto conleva problemáticas de distinto tipo como o aumento de contaminación acústica e ambiental. Asemade intensifícase o problema do tráfico pola falta de aparcamentos públicos gratuítos e o colapso que se produce sobre todo nas vías principais e no casco urbano do concello.

Estes problemas veríanse minimizados ou incluso eliminados se a cidadanía incrementara a utilización dos medios de transporte público –autobuses- para desprazarse.

Sería necesario un Plan que fomentara este incremento da utilización deste tipo de transporte en detrimento dos vehículos de turismo propios. Este plan debería incluír, entre outras medidas, a redución dos prezos dos billetes para captación de novos/as usuarios/as.

Estes prezos son excesivos especialmente para determinados colectivos como pensionistas –persoas xubiladas, con minusvalías,...-; e rapaces e rapazas que asisten ós IES do concello no ensino postobrigatorio –bacharelato e ciclos formativos de F.P.- que non teñen dereito ó transporte escolar.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción dos seguintes acordos:

### **A C O R D O :**

- **Realizar un Plan para promover a utilización do transporte público en detrimento dos vehículos propios.**
- **Habilitar unha partida no orzamento municipal destinada á subvención dos prezos dos billetes do transporte público para pensionistas e alumnado de ensinanza postobrigatorias.**

Ribeira, 16 de outubro de 2008

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**